



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello,18 - 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU 2000/15

Segundo a Orde do 24 de marzo de 2017(DOG núm.65, do 3 de abril de 2017) da Consellería de Política Social, aquelas persoas que teñan fillos e fillas menores de **3 anos**, nados/as entre o 02/01/2014 e o 01/01/2017,inclusive, e que, durante o ano 2015, non estivesen obrigados/as a presentar a declaración polo IRPF, nin a tivesen presentado de xeito voluntario, terán dereito a percibir a prestación familiar por fillas e fillos menores de tres anos.

A **documentación** necesaria é a seguinte:

- *Anexo I cuberto e asinado pola persoa solicitante
- *Anexo II cuberto e asinado pola persoa proxenitora non solicitante, se é o caso
- *Copia do libro de familia ou certificación de nacemento do rexistro civil
- *Xustificante de empadramento conxunto de todos os membros da unidade familiar
- *Copia da sentenza de nulidade, separación ou divorcio e do convenio regulador, de ser o caso.
- *No suposto de familias monoparentais, copia do certificado de monoparentalidade.
- *No suposto de adopción ou acollemento, copia da resolución que a declare.

As persoas interesadas en solicitar esta axuda pódense dirixir á **oficina da educadora familiar**, no concello de Pontevedra, que atenderá de luns a xoves, de 9:00 h a 14:00 h e os venres na oficina municipal de Corme, de 9:00 h a 14:00 h.

O prazo remata o día 29 de maio de 2017

Pontevedra, 03 de abril de 2017

A educadora familiar

M^a Dolores Blanco.Col.:3029